

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE EMIGRANTES RETORNADOS ULLA-UMIA (AERU) PARA O MANTEMENTO DUNHA OFICINA DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO DIRIXIDA A PERSOAS EMIGRANTES RETORNADAS.

Pontevedra, 19 de abril de 2022

REUNIDAS

Dunha parte, a **Secretaría Xeral da Emigración**, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración, D. Antonio Rodríguez Miranda, nomeado mediante o Decreto 140/2020, do 17 de setembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional segunda do Decreto 109/2021, do 15 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra parte, a **Asociación de Emigrantes Retornados Ulla-Umia (AERU)**, representada neste acto polo presidente da asociación, D. Celso Domínguez Búa, actuando en virtude das facultades que lle outorga o artigo 12 dos estatutos da asociación.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura do presente convenio de colaboración e, para estes efectos,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As administracións públicas no exercicio das súas competencias poden subscribir convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, ao abeiro do disposto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en relación co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

SEGUNDO.- De acordo co establecido no artigo 22 do Decreto 109/2021, do 15 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de emigración e retorno. Así mesmo, lle corresponden as atribucións de promoción de medidas que favorezan o retorno a Galicia dos galegos e das galegas residentes no exterior e faciliten a súa integración na sociedade galega.

TERCEIRO.- A Asociación de Emigrantes Retornados Ulla-Umia, que ten a súa sede social en Caldas de Reis, é unha asociación sen ánimo de lucro de ámbito provincial que naceu no ano 2013 co obxectivo de dar resposta ás demandas das persoas emigrantes retornadas en relación cos problemas de tributación das pensións xeradas no estranxeiro, pero que, dadas as dificultades e a problemática que esta asociación detectou neste colectivo no seu proceso de retorno e adaptación, comezou a prestar tamén un servizo de orientación e asesoramento destinado a facilitar a súa integración social e cultural na

sociedade galega. Esta entidade agrupa a un número importante de socios e socias na comarca de Caldas de Reis e se configura como un punto de referencia ao que cada día acoden as persoas retornadas reclamando os seus servizos, polo que, dentro desta liña de atención ao retorno, está a desenvolver un importante labor social a favor das persoas emigrantes galegas retornadas e da súa descendencia.

A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, polo que non é posible promover a concorrència pública, baseándose no disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de ofrecer ás persoas emigrantes retornadas á Comunidade Autónoma a maior cobertura posible no seu proceso de retorno e adaptación á sociedade galega.

Por todo o exposto e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración, que recolle as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- *Obxecto*

Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para articular o financiamento dos gastos de funcionamento dunha oficina de información da Asociación de Emigrantes Retornados Ulla-Umia (AERU).

A dita oficina ten como finalidade a realización de actividades de información e asesoramento á colectividade galega retornada a Galicia.

SEGUNDA.- *Compromisos das partes*

1. A Asociación de Emigrantes Retornados Ulla-Umia obrígase a:

- Informar, asesorar e ofrecer un servizo integral e completo ás persoas emigrantes retornadas, tanto no referente aos seus dereitos adquiridos no país da emigración como no referente ás obrigas e dereitos que se xeran co retorno.
- Prestar a orientación e o asesoramento xurídico necesario.
- Apoiar ás persoas emigrantes no cumprimento dos trámites necesarios na súas relacións coas administracións públicas.
- Proporcionar apoio ás persoas emigrantes no momento do retorno e realizar labores de acompañamento para favorecer a súa integración social.
- O mantemento da oficina que contará cun espazo axeitado para o desenvolvemento das súas funcións.
- Derivar as persoas atendidas ás oficinas de asesoramento e seguimento ao retorno.

- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

- Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para os/as beneficiarios/as de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento deste programa, a condición de entidade subvencionada pola Secretaría Xeral da Emigración, así como o seus correspondentes logotipos.

- Facilitar a actuación do persoal técnico da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.

- Subministrar á Secretaría Xeral da Emigración, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Secretaría Xeral da Emigración das obrigas previstas no título I da citada Lei.

2. A Secretaría Xeral da Emigración obrígase a:

- Achegar o financiamento previsto na cláusula terceira, condicionada ao cumprimento do estipulado no presente convenio.

TERCEIRA.- Orzamento

Para realizar as actividades descritas no presente convenio, a Secretaría Xeral de Emigración achegará unha contía global de **seis mil euros (6.000 €)**. Esta achega farase con cargo a aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

A entidade destinará a achega feita pola Secretaría Xeral da Emigración a sufragar os gastos derivados do mantemento da oficina de información e asesoramento e do desenvolvemento das actividades descritas na cláusula anterior.

CUARTA.- Pagamento e xustificación

En virtude do disposto no título III, artigos 42 e 44 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa.

Logo da sinatura deste convenio, en concepto de pagamento anticipado, efectuarase unha entrega de fondos como financiamento necesario para poder levar a cabo as accións previstas, por un importe do cen por cento (**100%**) da contía total da subvención, atendendo ao disposto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O prazo de xustificación do presente convenio remata o 26 de decembro de 2022 e a entidade deberá presentar, con anterioridade ao remate do devandito prazo, a seguinte documentación xustificativa:

- Certificación acreditativa dos gastos realizados, expedida pola persoa representante da Asociación de Emigrantes Retornados Ulla-Umia, na que se indicará de forma expresa que se cumpriu a finalidade obxecto do convenio e que para a súa execución se destinaron os fondos achegados pola Secretaría Xeral da Emigración.

- Relación de facturas e documentos xustificativos dos gastos realizados, na que conste a data de emisión, concepto e importe.

- Documentos xustificativos dos gastos, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento.

Non obstante, para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros, aceptarase a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor, en virtude do disposto no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Memoria final detallada das actuacións levadas a cabo ao abeiro do convenio, asinada polo representante da entidade, na que se fará constar os obxectivos acadados e o colectivo atendido con indicación das persoas atendidas.

- Declaración de que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, e de Seguridade Social, así como que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma.

- Declaración do conxunto das axudas concedidas para a actividade obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou de calquera outro organismo, ente ou sociedade, tanto público como privado.

- Se é o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido levará consigo a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e as demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Igualmente, en virtude do disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, con carácter previo á sinatura do presente convenio, a Asociación de Emigrantes Retornados Ulla-Umia deberá presentar declaración de que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, e de Seguridade Social, así como que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma.

De acordo co artigo 2.1.b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de decembro de 2021 e ata o 30 de novembro de 2022.

Segundo o disposto no artigo 29.2 da Lei 29/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, salvo disposición expresa en contrario, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación.

Entre outros, serán subvencionables os custes salariais soportados pola entidade beneficiaria, incluíndo cotizacións de Seguridade Social e retencións correspondentes ao IRPF, incluídas as retencións do IRPF relativas aos meses de outubro e novembro de 2021. En relación aos gastos relativos a retencións do IRPF correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2022, a súa acreditación realizarase mediante a presentación da documentación xustificativa da súa realización e que correspondan á natureza da actividade subvencionada. En consecuencia, para que estes gastos teñan a consideración de subvencionables, non será preciso acreditar o pagamento previo por parte da entidade beneficiaria. Respecto destes gastos, a entidade beneficiaria está obrigada a acreditar o efectivo pagamento con anterioridade ao 15 de febreiro do 2023. O incumprimento desta obriga dará lugar ao reintegro parcial da subvención. No caso de que o importe de subvención percibida pola entidade beneficiaria por aqueles conceptos sexa superior aos pagamentos efectivamente acreditados, procederá igualmente o reintegro parcial. No caso de que o importe da subvención percibida pola entidade beneficiaria por aqueles conceptos sexa inferior aos pagamentos efectivamente acreditados, a diferenza será a conta da entidade beneficiaria.

De conformidade co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade non estará obrigada a constituír garantía.

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade que se vai desenvolver.

A Secretaría Xeral da Emigración resérvase o dereito a solicitar toda a información que considere precisa en relación coa xustificación dos gastos.

QUINTA.- *Modificación do convenio*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

2. Igualmente e de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser

obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

SEXTA.- Causas de resolución do convenio

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros, as seguintes:

- a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste convenio.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

SÉTIMA.- Reintegro

Procederese ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devindicados desde o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se vai minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- b) Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

OITAVA.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dúas representantes da Secretaría Xeral da Emigración, das cales unha ostentará a presidencia, e dúas representantes da entidade.

A comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Interpretar e resolver as dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Está comisión actuará segundo o previsto no capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Non obstante, serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa a subvención concedida.

NOVENA.- *Relación laboral*

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración ou o persoal dela dependente non impartirá instrucións nin ordes ao persoal contratado para executar este convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

DÉCIMA.- *Publicidade e colaboración*

En virtude do establecido nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o convenio deberá ser publicado a través da Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS), que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións a través da súa páxina *web*, www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index.

A entidade beneficiaria da axuda coñece e consente a inclusión dos seus datos nos rexistros aos que, en virtude da normativa á que está sometido o convenio, deberá dársele publicidade a esta subvención, en concreto, nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso de todas as partes para as obrigas de publicidade impostas pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- *Réxime xurídico*

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido nel, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos e demais normativa que sexa de aplicación. En relación coa normativa xeral sobre convenios será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

No caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistencia pola outra parte, procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos, esta entidade reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que esta dispuxese.

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación do presente convenio (agás as que teñen que ver co outorgamento, xustificación, pagamento, reintegro e

determinación de responsabilidades relativas á subvención concedida, que serán resoltas polo secretario xeral da Emigración), serán integradas, interpretadas e resoltas motivadamente pola Administración autonómica, logo do ditame non vinculante da comisión a que fai referencia a cláusula oitava. Contra estas resolucións, polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer os oportunos recursos contencioso-administrativos ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA.- *Vixencia*

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2022, agás que sexa denunciado por algunha das partes, por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de decembro de 2021.

DÉCIMO TERCEIRA.- *Protección de datos*

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan dous exemplares deste convenio, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O secretario xeral da Emigración

O presidente da Asociación de
Emigrantes e Retornados Ulla-Umia

Antonio Rodríguez Miranda

Celso Domínguez Búa